

**COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES**

COMUNICANTE:

DNI/CIF:

TFONO:

ENDEREZO:

REPRESENTANTE (no seu caso):

DNI:

TFONO:

ENDEREZO:

TITULO DO PROXECTO DE OBRAS:

ORZAMENTO DAS OBRAS:

UBICACIÓN DO LOCAL:

REFª. CATASTRAL:

AFORO:

M2:

ACTIVIDADE A REALIZAR NO LOCAL:

IAE:

 ACT. INOCUA ACT. RECREATIVA ACT. AMBIENTAL**A PERSOA COMUNICANTE MANIFESTA EXPRESAMENTE E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que os datos recollidos neste impreso son certos.
- Que achega a documentación sinalada ao dorso, esixida para a comunicación previa que se formula.
- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e as actividades a desenvolver.
- Que as obras e instalacións se levarán a cabo de conformidade co Proxecto, Memoria e demais documentación técnica aportada e segundo o disposto na normativa vixente
- Que a edificación principal conta coa licenza de primeira ocupación (no seu defecto, identificación do promotor e ano de construción).
- Que na execución da obra respectarás as medidas de seguridade e saúde laboral segundo o RD 1627/97.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación de dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que se achega toda a documentación preceptiva.

E COMPROMÉTESE

- A non iniciar as obras e instalacións ata o transcurso de 15 días hábiles seguintes ao desta comunicación coa documentación completa sin que se reciba notificación por parte do Concello que requira a súa enmenda ou declare a ineficacia da comunicación.
- A presentar, unha vez rematadas as obras e instalacións, a comunicación previa do inicio da actividade, no formulario municipal correspondente e coa documentación que no mesmo se indica, achegando certificación final da obra e das instalacións.

Marín, _____ de _____ de 20

Asdo: _____

Cláusula de protección de datos:

De acordo co disposto na Lei 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Marín, con domicilio en Avda. de Ourense, s/n, 36900 Marín (Pontevedra), onde poderá exercer, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Mediante a facilitación dos seus datos persoais vostede autoriza o seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido da presente instancia aos efectos oportunos.



PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Formulará, no Rexistro Xeral do Concello, a *comunicación previa*, cubrindo o presente formulario con abono das taxas que procedan. Achegará a seguinte DOCUMENTACIÓN:

DOCUMENTACIÓN DO SOLICITANTE:

- ▶ Copia do DNI da persoa física. No caso de persoa xurídica, aportará o seu CIF e escritura de constitución da sociedade.
- ▶ Copia do documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de aluguer, escritura de propiedade do local, ...).
- ▶ Xustificación bancaria do ingreso das taxas polos conceptos que se solicitan

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:

- ▶ Proxecto técnico das obras de adaptación que se van realizar, asinado por técnico competente, incluíndo planos de situación e deslinde, planta, alzado e sección do local e xustificación do cumprimento do Código Técnico da Edificación. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa propia daquel e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade, precisas para o uso pretendid o.
- ▶ Memoria da actividade e das instalacións (ou Proxecto no caso de obras de entidade) redactado por técnico competente.
- ▶ **Copia das autorizacións ou informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta cos mesmos para o inicio da actividade.**
- ▶ Oficio de dirección das obras
- ▶ Reportaxe fotográfica do local (fachada e interior) asinada polo solicitante ou polo técnico redactor do proxecto.
- ▶ Declaración responsable, ou certificado colexial, de técnico competente, no que figuren os seus datos persoais e profesionais e na que se acredite que a persoa non está inhabilitada ou incurso en causa de incompatibilidade

SE A ACTIVIDADE ESTÁ SOMETIDA AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL, ENGADIRÁ:

- ▶ Autorización ou declaración ambiental que proceda
- ▶ Copia do proxecto de obra ou actividade asinado por técnico competente
- ▶ Certificado do técnico que autorice o proxecto de que éste cumpre coa normativa técnica de aplicación

A comunicación previa presentada, cumprindo todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e faculta á administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo da audiencia ao interesado/a. (Art. 25 da Lei 9/2013).

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achega á comunicación previa comporta, logo da audiencia do/a interesado/a a declaración de ineficacia da comunicación e impide o exercicio da actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. (Art. 26.1 da Lei 9/2013).